| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| (adscrito a Cultura) | | | | |
| Técnico/-a Xestión Administración Xeral | 1 | Concurso | D. Adicional 8ªLei 20/21 | Persoal Laboral Fixo |
| Administrativo/-a Administración Xeral | 1 | Concurso | D. Adicional 8ªLei 20/21 | Persoal Laboral Fixo |

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de O Valadouro no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía , no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

O Valadouro, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1468

## VIVEIRO

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Visto que as listas de emprego temporal en diferentes especialidades do Conservatorio Profesional de Música do Concello deben ser actualizadas para acadar un eficaz funcionamento, debido ao escaso número de participantes, a ter realizados chamamentos a través do SEPE por non ter dispoñibilidade os participantes, nas diferentes listas como consta nos expedientes.

Visto o artigo 55.1 do EBEP que sinala que *"todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico"*.

Visto o artigo 55.2 do EBEP que preceptúa que *"as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- *Transparencia.*
- *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección."*.

Visto o artigo 61.1 do EBEP que dispón que *"os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto"*.

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, e en base a criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de actualizar e crear listas de emprego temporal en relación coas seguintes especialidades musicais, as devanditas incorporacións non suporán incremento de custos e non incrementarán o número de efectivos:

| | | |
|---|---|---|
| **Acordeón** | **Canto** | **Composición** |
| **Clarinete** | **Frauta traveseira** | **Gaita** |
| **Guitarra** | **Linguaxe musical** | **Piano** |

Anuncio publicado en: Num BOP 127 año 2022 (04/06/2022 08:00:00)

| | | |
|---|---|---|
| **Percusión** | **Saxofón** | **Trombón** |
| **Trompeta** | **Violín** | **Violonchelo** |

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**- Dar por caducadas e deixar sen efecto as listas de emprego actuales nas seguintes especialidades:

| | | |
|---|---|---|
| **Acordeón** | **Canto** | **Composición** |
| **Clarinete** | **Frauta traveseira** | **Gaita** |
| **Guitarra** | **Linguaxe musical** | **Piano** |
| **Percusión** | **Saxofón** | **Trombón** |
| **Trompeta** | **Violín** | **Violonchelo** |

**SEGUNDO.**- Aprobar as Bases, e o seu anexo, que rexerán o procesos selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos ao obxecto da constitución de listas de emprego provisional en atención as especialidades musicais indicadas na parte expositiva.

**TERCEIRO.**- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

**CUARTO.**- Ordenar a publicación da presente convocatoria, Bases e o seu anexo, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Viveiro, 31 de maio de 2022.-A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1469

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

**EXPEDIENTE: V/27/01433**

PETICIONARIO: Yuri Aliosha Huanay Escobar

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Casanova

LOCALIDAD: A Casanova Vilar de Ortelle (Santiago)

TÉRM. MUNICIPAL: Pantón

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Miño/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Casanova" – "Yuri Aliosha Huanay Escobar", con un volumen máximo anual de 124,000 $m^3$.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

Anuncio publicado en: Num BOP 127 año 2022 (04/06/2022 08:00:00)